



## **MERCEDES PEÓN MÚSICA E INVESTIGADORA DA TRADICION GALEGA**

Enerxía pura, e dura ... Non é estrano que desa gorxa saian disparados chorros de combustible vital en forma de sons. Ela é coma a súa voz: un carácter. Disque de pequena debeda por ser camioneira, coma o seu pai, e agora anda na teima de sacar o carnete de patroa de barcos. Independente dabondo como para non querer oír falar do teléfono móbil, Mercedes Peón, dependente de máis como para precisar, e buscar, e rebuscar, esa conexión máxica que se produce cando, ca faísca dunha pedra golpeando no sacho, acende lume nos ollos da xente.

**"A xente e a creatividade son máis librestradición"**

**"A miña música é orixinal porque ten orixe"**

Cantadeira postmoderna, antropóloga porque lle peta, forza natural que procede da raíz: eis Mercedes Peón, cráneo (e gorxa) privilexiado, diríalle Valle-Inclán.

**-¿Como se pode vivir sen móbil?**

-Perfectamente. Tiven un para levar os temas de comunicación e actuacións cando publiquei Isué, pero decateime de que estaba a atender demasiadas cousas que non tiña por qué, cousas que se introducían, sen que eu quixese, na miña vida privada. É unha necesidade creada. Levo dous anos sen móbil e non o preciso para nada.

**-Véxoa coma unha antropóloga, coa particularidade de que investiga a súa propia tradición musical.**

-Antropóloga sen licencia, sí. Considérome unha recollidora de campo, e encántame teorizar. É unha grande sorte que entre eu e o que estudio non medie ningunha barreira: nas aldeas moita xente conserva o ideario máxico, e eu podo contactar con ese ideario aínda vivo e en evolución.

**-Tal vez se conserva porque é un ideario popular fixado oralmente ...**

-A lingua crea un imaxinario cultural, persoal, íntimo ... Dentro del, é posible calquer tipo de disidencia. Xa dicía Darwin que a especie humana existe porque hai moita singularidade entre nós. Ternos moita sorte de manter a nosa tradición oral: en Europa perdérona hai 100 anos. A nos a pódese atopar hoxe a dez quilómetros de A Coruña.

**-¿Tradición conservadora ou evoluínte?**



-Non é o mesmo tradición que tradicionalismo. O tradicionalismo é estático, a tradición é onde a xente e a creatividade artística son máis libres. A m'ín encántame perderme por Barcelona, pero a Galiza profunda é o meu ser profundo, sintome libre nese mundo máxico que me conecta co subconsciente.

**-¿Que mudaría do mundo?**

-Non me gusta ese proxecto da globalización de que todos sexamos iguais, seres intercambiáveis. É unha dictadura encuberta. E, por suposto, cambiaría tamén o patriarcado.

**-Se se colle un xornal e se contan os actos violentos que publica, o home, o macho, é o responsable do 99,9 por cento.**

-É que teñen o poder, un poder ao que a muller nunca accede u, pero tampouco ten por que facelo, non desá maneira. Eu non son competitiva, non quero ir diante. Esa idea do poder existe dende as relixións solares, que suplantaron ás da terra. Non me interesa ese poder, senón a orixe, a conexión sen intermediarios co noso ser ... Claro, que isto conleva

un cambio en toda a estrutura social: fóra as relixións solares, fóra a democracia dictatorial.

**-Que hai des a orixe térrea na súa música?**

-A miña música é orixinal porque ten orixe. Non é unha prepotencia, só son sincera. Cómpre ter autoestima cultural. Ao mergullarme na recollida de tradicións contacto coa orixe de verdade, que ten a forza dun imán, coma eses tambores africanos que cando empezan a sonar xa non podes despegarte deles. Hai xente que ten o poder de abrir as portas a un mundo méxico, e é esa xente á que busco. Non entendo ao que vai na procura do orixinal cando ten o avó na casa, ou ese que marcha á India para atoparse: vai a Muxía, xa verás como te atopas.

**-¿A música une na diferenza?**

-Este ano estiven actuando en París onde comezaron os disturbios, neses mesmos días, e precisamente chamáranme d'Uliha asociación bereber. ¿Cómo me coñecían? tiñan discos meus pirateados. No concerto conectamos profundamente, ese é o poder da orixe, que contacta coas emocións e é universal. Teño temas con liñas de baixo que reproducen a ribeirana, e as críticas en Estados Unidos din que é rock and roll: da igual, conecta, é a mestizaxe.

**-Atopeina coas mans no estudo de gravación ¿novo disco á vista?**

-Xa teño todos os temas escollidos. Estou a crear un mundo moi persoal no que levo todo o proceso: moito traballo, pero ben gratificante se sabes o que queres. Sairá a finais de ano ou en xaneiro de 2007: non teño presa.

**-¿Como se ve dentro de 30 anos?**

-Viaxando co meu barquiño; e co pelo rapado ou unha longa melena branca, o intermedio é sempre incómodo.